

## CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS E O CONCELLO DE POIO PARA A HUMANIZACIÓN DA ESTRADA AUTONÓMICA PO-308 O SEU PASO POLO CONCELLO DE POIO. 1ª FASE

### REUNIDOS

Dunha parte, María Martínez Allegue, presidenta da Axencia Galega de Infraestruturas, facultada para a formalización deste convenio polo Decreto 173/2011, do 4 de agosto, polo que se aproba o estatuto da Axencia Galega de Infraestruturas.

Doutra parte, Ángel Moldes Martínez, na súa condición de alcalde do Concello de Poio, actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúe o artigo 21.1 b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Ámbalas dúas partes recoñécense mutuamente na calidade en que interveñen con capacidade legal, suficiente e necesaria para o outorgamento do presente convenio de colaboración e, a tal efecto

### EXPOÑEN

**Primeiro.** A estrada PO-308 discorre polo Concello de Poio vertebrando o seu litoral e confluindo con outras estradas. Así no extremo leste conflúe coa PO-531, estrada de Vilagarcía e a Ponte da Barca. Polo norte coa PO-310, antiga estrada de Vilagarcía e a VG-4.8, que une a PO-531 en Campañó coa PO-308 en San Xoán de Poio. E polo sur coa PO-309 que permite conectar coa AP-9 en sentido Vigo.

**Segundo.** A Xunta de Galicia leva anos traballando para a mellora da PO-308, unha estrada cunha IMD elevada que discorre por unha zona cunha alta densidade de poboación. En concreto no Concello de Poio realizáronse sendas e mellorouse a seguridade viaria entre O Covelo e Raxó, e está en execución a obra de mellora da estrada entre Fontenla e Combarro, tamén co obxectivo posto na mobilidade sostible e na seguridade viaria.

**Terceiro.** A Axencia Galega de Infraestruturas ten entre os seus obxectivos, a mellora da rede viaria de Galicia, a ordenación do territorio e a súa cohesión, de xeito que se proporcione ás persoas usuarias unha rede eficaz,



cómoda e segura, fomentando as relacións municipais e intre municipais na procura e no fomento dun desenvolvemento harmónico.

Entre os instrumentos de planificación que guían a actividade da Axencia está o Plan de Seguridade Viaria de Galicia 2022-2025, aprobado polo Consello da Xunta de Galicia de 28 de abril de 2022. O seu programa de actuación estrutúrase en retos e en accións, sendo o reto número 1 a “visión cero en usuarios vulnerables: mellora da seguridade dos peóns”, e a acción 1.1, a construción de beirarrúas e sendas peonís.

**Cuarto.** O Concello de Poio a finais de 2023 remitiu a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade un estudo previo para a humanización da PO-308 no seu treito inicial, entre Ponte da Barca e Casa Solla co complemento da construción dunha senda peonil no treito inicial da PO-531 entre a Barca e Bombeiros. O conxunto das dúas actuacións acadan un investimento de 4.837.704,37 €.

Dada a magnitude da actuación e a complexidade da súa execución, considérase axeitada a materialización desta actuación en fases. Así, a través deste convenio executarase unha primeira fase de humanización da PO-308, nun treito inicial de características moi urbanas , que conta cun volume de tráfico moi elevado (17.336 vehículos/día).

**Quinto.** A Axencia Galega de Infraestruturas e o Concello de Poio tratan de fomentar aqueles investimentos que resolvan problemas nas infraestruturas, coa finalidade dun desenvolvemento económico e social que aporte unha maior calidade de vida á cidadanía. Sendo unha actuación sobre unha estrada autonómica, o Concello de Poio propón colaborar no seu desenvolvemento de modo que se racionalice o investimento público, ao aproveitarse a actuación para renovar servizos urbanos da súa titularidade; que a súa titularidade pase a ser municipal, de acordo coa súa condición de vía urbana e permitindo así unha configuración na que se gañe espazo para o peón e se dispoñan elementos redutores de velocidade; e que o propio concello se responsabilice e dirixa a execución das obras, dada a incidencia no día a día dos veciños.

As actuacións obxecto deste convenio suporán o acondicionamento e a humanización do tramo inicial da PO-308 comprendido entre a Ponte da Barca (PQ 0+000) e o PQ 0+480, é dicir, ata a intersección coa PO-310 e o seu treito inmediatamente posterior para resolver completamente a devandita intersección. coa finalidade última de satisfacer as necesidades de todos os usuarios, os condutores e os peóns, coa creación dun espazo máis versátil e seguro. Esa consideración de complementariedade, xunto coa necesidade dunha actuación en materia de accesibilidade e seguridade viaria, xustifican a concesión directa dunha subvención ao Concello de Poio ao abeiro do disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.



Os convenios entre administracións públicas constitúen o elemento adecuado para desenvolver a súa cooperación en cuestións de interese común, tal e como establecen o artigo 57 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e o artigo 198 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia.

Considerando a confluencia dos intereses das partes comparecentes, faise preciso artellar as bases para a óptima coordinación e así regular a colaboración nas súas actuacións. Para o fin mencionado, formalízase o presente convenio con suxeición ás seguintes

## CLÁUSULAS

### PRIMEIRA. OBXECTO

O obxecto do presente convenio é establecer as bases da colaboración técnica e económica entre a Xunta de Galicia e o Concello de Poio que permitan o acondicionamento do treito inicial da estrada autonómica PO-308 entre a Ponte da Barca e o punto quilométrico 0+480, así como o cambio de titularidade en favor do concello do dominio público viario asociado á estrada tal e como se determina na cláusula terceira deste convenio.

O obxecto da actuación é o seguinte:

- Reordenación e optimización do espazo público da vía, 480 m de lonxitude, coa delimitación clara do uso e funcións das distintas zonas: renovación do firme da calzada, pavimentación de beirarrúas, aparcamentos e calzada cos carrís proxectados.
- Disposición de zonas de carga e descarga e prazas de estacionamento reservado para persoas con mobilidade reducida .
- Humanización con zonas axardinadas e mobiliario urbano.
- Canalizacións subterráneas para telefonía e electricidade que substitúan os actuais tendidos aéreos.
- Substitución de dispositivos hidráulicos para adaptalos a nova xeometría da rúa.
- Renovación das redes de abastecemento, saneamento e pluviais e alumeadado público.
- Sinalización horizontal e vertical.

O orzamento necesario para a execución destas obras estímase **nun millón setecentos trinta e catro mil novecentos trinta euros con trinta e dous céntimos (1.734.930,32 €) IVE incluído.**



## SEGUNDA. REQUISITOS

De acordo co establecido no artigo 4 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas, será requisito para a concesión desta subvención directa que o Concello de Poio cumprise co deber de remisión ao Consello de Contas da súa conta xeral.

## TERCEIRA. COMPROMISOS DO CONCELLO DE POIO

O Concello de Poio obrígase a:

1. Redactar o proxecto para a primeira fase da humanización da PO-308 o seu paso polo concello, que será remitido á Axencia Galega de Infraestruturas para a súa conformidade.
2. Achegar o 30% do total do importe estimado das obras, **cincocentos vinte mil catrocentos setenta e nove euros con dez céntimos (520.479,10 €)**, de acordo coa seguinte distribución:

ANO	IMPORTE €
2025	156.143,73
2026	364.335,37
TOTAL	520.479,10

3. Executar as obras obxecto deste convenio, previa posta a disposición polo tempo necesario para a súa execución, polo órgano correspondente da Xunta de Galicia, dos terreos necesarios. A posta a disposición quedará formalizada na correspondente acta.

4. Aceptar a transferencia de todo o dominio público viario do tramo inicial da PO-308 entre Ponte da Barca e a PO-310, p.q. 0+000 e 0+320 coas seguintes coordenadas UTM Etrs89 fuso 29 (ver planos anexos):

- P.Q. 0+000 da PO-308:  $x= 528.419 / y= 4.698.028$

- P.Q. 0+320 da PO-308:  $x= 528.186 / y= 4.698.039$

5. Aceptar a transferencia de todo o dominio público viario asociado no treito de estrada PO-308 a partir do punto quilométrico 0+320 e ata o final do treito afectado pola execución das obras, salvo a calzada e as beiravías. A transferencia se realizará dende o punto quilométrico 0+320, con coordenadas  $x= 528.186 / y= 4.698.039$ , ao 0+480 con coordenadas  $x= 528.056 / y= 4.697.991$ .

Previamente á adxudicación das obras, deberá terse tramitado o expediente de cambio de titularidade consonte ao establecido no artigo 9 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia e no Decreto 66/2016, do 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento xeral de estradas de Galicia. A sinatura deste convenio xa



supón o acordo entre ámbalas dúas administracións para a tramitación do expediente de cambio de titularidade. A correspondente acta de entrega será asinada antes do inicio da execución das obras.

5. Asumir as obrigas económicas que excedan do importe consignado na cláusula cuarta.

6. Xestionar todos os terreos necesarios, así como a reposición de servizos e servidumes afectados non incluídos no proxecto. Así mesmo, asumirá a realización das xestións pertinentes ante os organismos que corresponda para a obtención dos permisos, licencias e autorizacións regulamentarias.

7. Consonte o establecido no artigo 27.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o concello asume, na súa condición de beneficiario, a total responsabilidade da execución da actividade subvencionada fronte á administración. Tamén se compromete a establecerlle ao contratista a obriga de colaboración para o exercicio das funcións de control previstas no artigo 45 da citada lei.

8. Facilitar, se fose o caso, toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas de Galicia no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas obxecto do presente acordo.

9. Comunicar á Axencia Galega de Infraestruturas, se fose o caso, a alteración nas condicións tidas en conta para a concesión da axuda obxecto deste convenio e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións, entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais para os efectos de propoñer, se procedera, a modificación das condicións establecidas neste convenio.

10. Comunicar á Axencia Galega de Infraestruturas a data de recepción das obras para os efectos de que esta envíe un representante se así o estima oportuno.

11. O concello deberá dar publicidade da obra mediante un cartel anunciador no que conste expresamente o co financiamento da Xunta de Galicia (Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas– Axencia Galega de Infraestruturas) de acordo coa imaxe corporativa oficial da Xunta de Galicia.

O anterior cartel de obras complementarase con outro situado ao seu carón coa única mensaxe “Xunta de Galicia”, de acordo co seguinte deseño:



#### CUARTA. COMPROMISOS DA AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS (AXI)

A Xunta de Galicia, a través da Axencia Galega de Infraestruturas, asume o compromiso de financiar o 70% dos gastos do orzamento de execución das obras, destinando para iso ata un máximo de **un millón douscentos catorce mil catrocentos cincuenta e un euros con vinte e dous céntimos (1.214.451,22 €)** con cargo á partida orzamentaria 11.A1.512B.760.0, código de proxecto 1999-06714, dos orzamentos da Axencia Galega de Infraestruturas, de acordo coa seguinte distribución:

ANO	IMPORTE €
2025	364.335,36
2026	850.115,86
TOTAL	1.214.451,22

Dado que se trata da tramitación anticipada dun expediente de gasto, de acordo coa normativa recollida na Orde de 11 de febreiro de 1998, modificada pola Orde 27 de novembro de 2000, e de 25 de outubro de 2001, queda condicionado o gasto que se proxecta, á existencia de crédito axeitado e suficiente nos orzamentos xerais de 2025.

A Xunta de Galicia, a través da Axencia Galega de Infraestruturas, tramitará o expediente de cambio de titularidade do dominio público viario do treito inicial PO-308 tal e como se determina na cláusula terceira, antes da adxudicación das obras polo Concello de Poio.

#### QUINTA.- XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO.

A xustificación dos gastos e o seu pagamento realizarase nos termos establecidos na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da citada Lei, e no Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan as especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas.

Segundo o establecido no artigo 62 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, poderán realizarse pagamentos a conta, que responderán ao ritmo de execución da acción subvencionada. Estes pagamentos aboaranse por contía



equivalente á xustificación presentada, ata un máximo do 80% da porcentaxe subvencionada correspondente aos pagamentos xustificadas, sen exceder da anualidade prevista en cada exercicio orzamentario.

O Concello de Poio xustificará a subvención mediante a presentación da seguinte documentación:

1. Certificación da intervención ou do órgano que ten atribuídas as facultades de control da toma de razón en contabilidade do gasto realizado e do cumprimento da finalidade para a que foi concedida.
2. Certificación expedida pola secretaría da entidade local, co visto e prace do alcalde, relativa á aprobación polo órgano competente da conta xustificativa da subvención na que se faga constar, como mínimo, de forma detallada:
  - O cumprimento da finalidade da subvención.
  - Os gastos totais imputables á actuación subvencionada, coa identificación do acredor/a, número de factura, data de emisión e data de recoñecemento da obriga polo órgano competente.
  - Os documentos acreditativos dos gastos realizados con recursos propios.
  - Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada, coa indicación do importe e a súa procedencia, de ser o caso.
  - Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias, coa Seguridade Social, e de non ter pendente de pagamento débedas coa administración pública da comunidade autónoma de conformidade co establecido nos artigos 10 e 11 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
  - Declaración responsable da obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actuacións subvencionadas.
  - Mostra fotográfica da publicidade da subvención e das obras realizadas, segundo o establecido na cláusula terceira do convenio.

Serán subvencionables os gastos de execución das obras realizados durante os anos 2025 e 2026.

A data límite para a xustificación destes gastos é o 10 de decembro de cada ano.

O pagamento realizarase pola parte proporcional da contía da axuda efectivamente xustificada, calculada en función da porcentaxes subvencionadas por cada unha das administracións participantes sobre o custo total da actividade.

De conformidade co establecido no artigo 3.1 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións as entidades locais galegas, unha vez que se efectúen os libramentos por



parte da Axencia Galega de Infraestruturas a favor do Concello de Poio, este deberá acreditar documentalmente a efectividade dos pagamentos realizados no prazo máximo de sesenta días naturais contados a partir do ingreso na conta bancaria da beneficiaria de cada un dos aboamentos da subvención concedida.

#### **SEXTA.- SEGUIMIENTO E CONTROL.**

Para o seguimento, control e avaliación de cantas dúbidas poidan xurdir na aplicación do convenio constituirase unha comisión de seguimento, coa participación dun representante da Axencia Galega de Infraestruturas e dun representante do Concello de Poio.

A comisión poderase reunir as veces que se estime oportunas para o cumprimento do convenio. En todo caso, a solución das incidencias que poidan xurdir estará condicionada polas limitacións orzamentarias incluídas na cláusula cuarta.

As cuestións litixiosas xurdidas da interpretación, desenvolvemento e aplicación do convenio serán resoltas pola Axencia Galega de Infraestruturas, poñendo os seus acordos fin á vía administrativa. Contra estes acordos poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

#### **SÉTIMA. - NATUREZA DO CONVENIO.**

Este convenio ten natureza administrativa, rexéndose polas cláusulas que nel se establecen e, no seu defecto, polo regulado na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da lei de subvencións de Galicia e na Lei 38/2003, do 17 novembro, xeral de subvencións e demais normas de procedente aplicación.

#### **OITAVA.- COMPATIBILIDADE.**

Esta axuda é compatible coa obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos doutras entidades para a mesma finalidade procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, sempre que a contía total das axudas non supere o 100% do importe da actividade subvencionada. No caso de que a subvención concedida supere, illadamente ou en concorrencia con outras, o custo da actividade para a que foi concedida a subvención, descontarase o exceso obtido sobre o citado custo.



#### **NOVENA- REVOGACIÓN, REINTEGRO E RESOLUCIÓN.**

A axuda concedida ao amparo deste convenio poderá ser obxecto de revogación ou reintegro, xunto cos xuros de demora, cando concorran as circunstancias previstas nos artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, nos artigos 74 e seguintes do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da lei de subvencións de Galicia e na Lei 38/2003, do 17 novembro, xeral de subvencións.

Será causa de reintegro total o incumprimento das obrigas establecidas para o concello nas cláusulas deste convenio.

En todo caso, será causa de extinción deste convenio a inviabilidade da realización da actuación por causas non imputables ás partes. Así mesmo, será causa de extinción a denuncia por causas de interese público a instancia de calquera das partes asinantes.

#### **DÉCIMA.- PUBLICIDADE.**

A sinatura deste convenio suporá o consentimento expreso das partes asinantes para incluír e facer públicos os datos persoais que consten no convenio, e mailo resto de especificacións contidas no mesmo, de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno (DOG nº 30 do 15 de febreiro) e o Decreto 126/2006, do 20 de xullo polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia (DOG nº 149 do 3 de agosto).

Así mesmo, en cumprimento do disposto no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a información requirida será comunicada á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS)

#### **UNDÉCIMA.- VIXENCIA DO CONVENIO.**

Este convenio terá vixencia dende a súa sinatura ata o 31 de decembro de 2026 e financiará os gastos realizados dende o 1 de xaneiro de 2025 nas condicións establecidas na cláusula quinta.

E para que así conste, en proba de conformidade coas cláusulas deste convenio, as partes asinan electrónicamente este documento

*A presidenta da Axencia Galega de Infraestruturas, María Martínez Allegue  
O alcalde do Concello de Poio, Ángel Moldes Martínez*

